



Guía Docente

Datos Identificativos					2015/16
Asignatura (*)	Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral		Código	652606E31	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	2	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación				
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es		
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es		
Web					
Descrición xeral					

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analizar e deseñar propostas docentes innovadoras nos módulos da especialidade	AP25		CM3
	AP26		CM6 CM7
Comprender e valorar a importancia da innovación e da investigación como ferramentas para a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe e para a propia aprendizaxe profesional.			CM6 CM7
Analizar e valorar ámbitos de innovación e investigación no centro de prácticas.	AP25		CM7
	AP26		

Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1. Innovación nos módulos e materias da especialidade de FOL	1.1. Conceptos básicos de referencia 1.2. TICs e innovación docente 1.3. Experiencias innovadoras con TICs 1.4. A educación mediática e a integración da perspectiva de xénero como ámbitos de innovación.
Tema 2. Proxectos de investigación no ámbito docente e orientador de Formación e Orientación Laboral	2.1.O papel do profesorado de FOL nos estudos de inserción laboral 2.2.Os estudos de inserción laboral: obxectivos, metodoloxía e instrumentos

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A25 A26 C7	4	11	15
Presentación oral	C3	1	1	2
Sesión maxistral	A25	3	0	3



Portafolios do alumno	A25 A26 C3 C6 C7	0	5	5
Traballos tutelados	A26 A25 C6	6	15	21
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Busca e análise de experiencias anovadoras e de pesquisas de investigación aplicables a función docente e orientadora do profesorado de FOL Busca e utilización de bibliografía específica para a fundamentación e deseño dun proxecto de anovación ou pesquisa.
Presentación oral	Das experiencias innovadoras analizadas e do proxecto de innovación ou pesquisa deseñados
Sesión maxistral	Para a presentación e síntese das temáticas que se abordan na materia
Portafolios do alumno	As mesmas características que na materia Inserción e orientación laboral
Traballos tutelados	Deseño dun proxecto innovador ou dun proxecto de investigación. Esta actividade é grupal e debe de desenvolverse baixo os principios do traballo colaborativo

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada ten como obxectivo proporcionar a axuda e orientacións necesarias para unha boa realización dos traballos tutelados. É obrigatoria a asistencia a unha tutoría.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A25 A26 C3 C6 C7	Informe de aprendizaxe no que o alumnado dará conta das aprendizaxes adquiridas.	50
Presentación oral	C3	Exposición do traballo tutelado	10
Traballos tutelados	A26 A25 C6	Análise e deseño dun proxecto de innovación ou investigación (actividade grupal)	40

Observacións avaliación



ACTUALIZACIÓN DO PERFIL PERSOAL Como máis tardar, na segunda sesión de clase, todo o alumnado ha de actualizar o seu perfil na plataforma de moodle, na que hai que pendurar unha foto actual. **ASISTENCIA** a asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular que non acudira a unha aula na que se realizase algunha actividade deberáa de facer individualmente e entregala na seguinte sesión. Se un/ha alumno/a non acadou o 80% da asistencia, terá unha cualificación de non presentado na primeira oportunidade. A asistencia xustifícase en base a que unha boa parte das actividades de avaliación desenvólvense na aula. Na oportunidade de xullo realizará un exame teórico e práctico. Tamén se poderá acordar a realización dalgunhas actividades. Aquelas persoas con matrícula a tempo parcial poderán acollerse a unha modalidade de avaliación específica. Para isto,

cómpre solicitar unha titoría, antes ou inmediatamente despois do inicio da materia, co obxecto de establecer as actividades de avaliación

e o proceso de supervisión e seguemento. A cualificación final será o resultado das puntuacións obtidas nas tres actividades de avaliación: Cartafol individual (5 puntos) Tarefas grupais (4) Presentación oral (1 punto) Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación no cartafol individual e nas actividades grupais. Cando non se realice algunha das tres actividades a cualificación será non presentado.

Na segunda oportunidade deberán de facerse as actividades de avaliación non superadas (cartafol individual e tarefas grupais). O portafolio do alumnado é unha actividade individual e ha de conter os seguintes apartados: Aprendizaxes adquiridas (que sabía /que aprendín, utilizando como criterios os resultados de aprendizaxe da materia) Marcador social Reflexión sobre o proceso de aprendizaxe (forma de afrontar o estudo, dúbidas, dificultades e superación das mesmas, cuestións nas que afondar... Relación/vinculación coas materias do módulo xenérico e nomeadamente coas materias do itinerario de FOL. Aplicación na elaboración do TFMAportacións para a observación e análise durante o Practicum Balance de competencias profesionais e ámbitos nos que seguir formándose. Elaboración dun glosario de termos e un mapa conceptual dos contidos da materia. Relación co resto das materias do módulo específico. Valoración e reflexión da propia presentación oral. **CARTAFOL GRUPAL**

Ó rematar a materia e na data que se fixe, cada grupo presentará un cartafol grupal que ha de incluír: As actividades realizadas en grupo e unha reflexión/valoración sobre as aprendizaxes adquiridas. As fichas de auto-avaliación e co-avaliación das tarefas grupais e do funcionamento do grupo. Número e obxectivos das reunións realizadas. Balance sobre o funcionamento do grupo (cambios introducidos para a súa mellora do funcionamento do grupo, fortalezas e debilidades). Valoración argumentada das presentacións orais do resto dos grupos. Para cualificar as actividades grupais tense en conta a autoavaliación e coavaliación realizada entre e polas persoas do grupo. O procedemento e criterios para estas modalidades de avaliación serán fixados en colaboración co alumnado. **FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA**

Ausencia de citación de fontes

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse, o uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da Normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, que establece "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Os contidos incluídos nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran. **Plaxio**

O plaxio en calqueira das actividades da avaliación será motivo de suspenso. **Falsificar unha sinatura**

Asinar na folla de asistencia por unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua. A avaliación da oportunidade de xuño será non presentado.

NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓNS, CUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf Valoración e reflexión sobre a propia presentación oral. Para avaliar a presentación oral tamén nos imos valer da co-avaliación e auto-avaliación.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - EDUCAWEB (). Premios Educaweb Orientación Académica y Profesional. http://www.educaweb.com/premios/ediciones/ - INTEF. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (). Red de buenas prácticas 2.0. http://recursostic.educacion.es/buenaspracticas20/web/es/formacion-profesional/608-buenas-practicas- - Navas Baena, R. (2010). Investigación e innovación en el aula.. Granada: Ada. - Instituto de Tecnologías Educativas (). . http://www.ite.educacion.es/ - Rosa Cobo, C. (2010). Innovación educativa e historia de las relaciones e género.. Valladolid: Universidad de Valladolid.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - EDUCAWEB (2011). El blog como herramienta de orientación profesional . http://static.educaweb.com/pdf/premi/3-edicio/1B.pdf - (2013). Premios Educaweb. 5ª Edición. http://www.educaweb.com/noticia/2013/01/16/educaweb-premia-proyectos-orientacion-dirigida-adultos-5- - EDUCAWEB (2010). Premios Educaweb Orientación Académica y Profesional. http://www.educaweb.com/publicaciones/hey/2012/proyectos-ganadores-premios-educaweb-orientacion-acad - Victor Cuevas (). El uso del blog como herramienta de orientación académica y profesional. http://static.educaweb.com/pdf/premi/3-edicio/2B.pdf - Victor Cuevas (). El portafolio vocacional. http://victorcuevas.es/orientacion/?page_id=1455 - Victor Cuevas (). Busca tu camino. Blog de orientación. http://victorcuevas.es/orientacion/ - (). Guía de blogs de orientación. http://www.netvibes.com/guia-de-informacion-academica-e-profesional#BLOGS

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías